

## LITERATURA INFANTIL E XUVENIL • ELOS DE LECTURA


COORDINA Blanca-Ana Roig Rechou



## A invisibilidade das mulleres na China

TEXTO Laura Caamaño  
CRPIH

Ánxela Gracián (Castroverde, Lugo, 1968), unha das autoras máis prolíferas da chamada Xeración dos 90, continúa aumentando a súa produción literaria no eido da LIX galega coa súa última novela *As voces da auga* (Baía, 2018), VIII Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Meiga Moira 2018, con ilustracións de Aynara Pereiro. Cun narrador omnisciente en terceira persoa, combina a técnica do monólogo interior da protagonista co diálogo entre os distintos personaxes, para abordar diferentes temáticas que aínda hoxe continúan viventes na sociedade actual como a desigualdade de xénero e a discriminación, venda e explotación da muller. Ambientada na China comunista de Deng Xiaoping, nunha sociedade eminentemente masculina, destaca a figura dunha adolescente de catorce anos chamada Li que loita por sobrevivir nun mundo de homes e que defende a súa liberdade individual como muller na China do mo-




mento. A autora coloca o foco sobre un personaxe adolescente feminino que, a través dunha mirada inxenua, toma consciencia da situación de maltrato que sofren as mulleres no seu país. Abandonada ao nacer á beira do río Lijiang, Li é coidada polo ancián Wei Su que a protexe como a unha

filla. Ante o férreo control dos comités de planificación familiar do goberno, Wei Su decide fuxir con ela a un lugar illado onde fosen descoñecidos para o resto e poder así comezar unha nova vida. Ao lado do río Lijiang levantaron unha cabana e sobrevivían co traballo do pai nos arrozais. O pai, canso de ter que estar escondendo a súa filla e vivindo como se fosen criminais, decide presentar a Li en sociedade na coñecida Festa da Alma dos Bois. Un día, o ancián Wei Su enferma e Li enseguida vai ao bosque a recoller plantas para curar a seu pai. Nese momento, aparece Thep, o capataz que dirixía os arrozais onde traballaba Wei Su, e intenta secuestrala para posteriormente ser vendida a un amigo seu de Hong Kong. Li consegue escapar del e agóchase no bosque ata abrir o día, momento no que decide buscar a unha amiga de seu pai para pedirlle axuda. Tempo despois, Li regresa xunto a seu pai e os seus amigos, esta vez, para vivir libre e sen medo.

*As voces da auga* dá visibilidade á que é unha das maiores lacras sociais existentes nos nosos días como é a venda de mulleres. O tráfico de mozas virxes e mulleres adultas é, e continúa sendo, un dos negocios máis rendibles na actualidade en países como a China. A historia de Li é o retrato de todas esas nenas que pola súa condición feminina se ven obrigadas a non existir. [lau\\_kilmas@hotmail.com](mailto:lau_kilmas@hotmail.com)

## 'Nuevos Amigos', de Tomi Ungerer

TEXTO Sara Reis da Silva  
UMINHO/ELOS/LIJMI


Recentemente falecido Tomi Ungerer (Estrasburgo, 1931-Cork, 2019) é un imprescindible da Literatura Infantil e Xuvenil. Autor dunha obra extensa e moi traducida, é recoñecido pola orixinalidade do seu discurso verbo-icónico e, especialmente, por tratar temáticas consideradas "ousadas" ou incómodas. Se a subversión, a perspicacia e a coraxe do seu ollar o real son marcas diferenciadoras do seu traballo, tamén a actualidade e a importancia das súas obras infantís teñen sido recoñecidas. *Novos Amigos* (Kalandraka, 2018), publicada orixinalmente en 2007 por Diogenes Verlag, co título *Neue Freunde*, conta a historia de Rafi Bamoko e da súa familia que mudou para un novo barrio, local onde xa habitaba Ki e os seus pais, a familia Sing. Entre os primeiros, de orixe africana, e os segundos, de orixe asiática, nace unha amizade, unha complicidade espontánea, resultado do gusto por "facер cousas", por crear figuras ou personaxes diversas. Unha infinidade de proxectos, compostos a partir de materiais reutilizábeis/reciclados/recuperados, son concretados polos dous nenos, apoiados polos seus pais. Superadas as dificultades (acusación de roubo por homes malencarados e falta de espazo en casa), os dous amigos (o dúo Rafiki) ven a súa arte recoñecida, reciben unha invitación a que se integre no museo da cidade e alcanzan fama internacional. Co tempo Ki converteuse nunha deseñadora de moda e Rafi nun escultor famoso, mais seguiron sendo grandes amigos toda a vida.

O eloxio da diferenza, da amizade e da arte materialízase nun conto en formato álbum, profusamente ilustrado. O rexistro visual, nunha liña expresionista, expande o discurso verbal, introducindo elementos, semántica, simbólica e intertextualmente marcados, que propoñen lecturas tan diversas como a crítica ás ditaduras ou a importancia da memoria. [sara\\_silva@ie.uminho.pt](mailto:sara_silva@ie.uminho.pt)

## Achegas a lix no Boletín Galego de Literatura

TEXTO Marta Neira  
USC/CRPIH

Recentemente vén de publicarse na Rede o número 53 do *Boletín Galego de Literatura*, revista da Universidade de Santiago de Compostela



ben considerada nos diferentes índices de impacto e que soubo adaptarse aos tempos pasando do formato en papel ao electrónico. Nesta ocasión, ademais de dous estudos sobre a literatura galega de adultos, e un estudo e unha "Nota" sobre autores e obras en lingua portuguesa, acóllese un traballo de María del Carmen Ferreira Boo vinculado coa Literatura Infantil e Xuvenil. Trátase de "Variabilidade da narrativa de transmisión oral e reescritura: apuntamentos teóricos" no que son obxecto de atención o conto oral, as reescrituras e a subversión. Tamén teñen cabida dúas recensións sobre Educación literaria y artística: conflitos sociais y bélicos e Guerras e conflitos sociais de onte e de hoxe (literatura e arte), monografías imperdibles para o mediador formado. [marta.neira@usc.es](mailto:marta.neira@usc.es)

## Antoloxía poética con achegas de poetas galegos

TEXTO Laura Caamaño  
CRPIH

Sempre son benvidas as antoloxías poéticas pois axudan a gozar da poesía a pequenos bocados. Neste caso é de agradecer que en *Os dereitos das criançás*. *Antoloxía poética*, publicada pola editora portuguesa Trinta Por Uma Linha en abril do ano 2018, da man do tamén poeta João Manuel Ribeiro acolla poemas debidos a dezaioito poetas portugueses e galegos.

Os pertencentes ao noso sistema literario infantil e xuvenil que se reproducen son debidos a Suso Díaz, Alfredo Ferreiro e Antonio García Teijeiro, o único poeta de nós que mereceu o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, no ano 2018, por un poemario. Son once os poemas galegos que se poden degustar, uns excelentes poemas que nos permiten coñecer o bo facer de algúns dos poetas de nós, descubrir características poéticas da súa produción e ver como saben, con sensibilidade, achegar aos máis novos emocións para que as saiban xestionar. [lau\\_kilmas@hotmail.com](mailto:lau_kilmas@hotmail.com)



## Novo número da revista científica Elos

TEXTO Carmen Ferreira  
UDC/ELOS-ANILIJ

Vén de publicarse no portal de revistas da Universidade de Santiago de Compostela o número 5 (2018) de Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil do Grupo de Investigación LITER21 da Facultade de Filoloxía. Nesta ocasión, acolle catro traballos na sección "Artigos", cinco en "Notas" e catro "Recensións" de monografías imprescindibles sobre a obra de Alice Vieira, os libros obxecto, o cancionero infantil na educación e a literatura fantástica.

Interesa para a LIX galega "Casas-Mapa. Espazos da Memoria", de Estella L. Freire, onde se analiza a importancia do espazo para a construción da identidade propia; e "Dragal e a reafirmación da identidade" de Isabel Mociño González na que se describen as características da serie Dragal, de Elena Gallego, onde se reflexiona sobre o proceso de maduración, salientando elementos recorrentes como lugares emblemáticos, lendas e tradicións galegas e símbolos identitarios. [verinesa@yahoo.es](mailto:verinesa@yahoo.es)

